

XI ASEMBLEA XERAL DA FEGAMP

CONVOCATORIA

Na xuntanza de 28 de febreiro de 2023, a Comisión Executiva da Fegamp acordou delegar na Xunta de Voceiros a convocatoria da **XI Asemblea Xeral**.

Este acordo de convocatoria consta dos seguintes puntos:

1. Convocar a XI Asemblea Xeral Ordinaria da Fegamp, que terá lugar o **vindeiro 15 de novembro de 2023** no Palacio de Congresos e Exposicións de Galicia (Santiago de Compostela).
2. Aprobar o censo definitivo de poboación para a determinación dos votos dispoñibles para cada corporación na Asemblea, e que será o censo oficial recollido no BOE de data 21 de decembro 2022 (*Real Decreto 1037/2022, de 20 de diciembre, por el que se declaran oficiales las cifras de población resultantes de la revisión del Padrón municipal referidas al 1 de enero de 2022*)
3. Aprobar a orde do día da XI Asemblea Xeral Ordinaria.
4. Establecer a data do **7 de novembro de 2023** ata as 14.00 horas como peche do prazo de inscrición para a Asemblea, delegación de voto, así como para a adscripción ás distintas Comisións de Traballo que se constituirán na mesma. Apróbase, así mesmo, a relación das Comisións de Traballo da XI Asemblea Xeral: "*Financiamento local*", "*Autonomía e competencias locais: presente e futuro*" e "*Desenvolvemento estratéxico dos concellos*".
5. Abrir o prazo para a recepción de emendas aos borradores de relatorios ata as 14:00 horas do **27 de outubro de 2023**.
6. Aprobar o borrador das normas de funcionamento interno da Asemblea.
7. Delegar na Presidencia todos os asuntos relacionados coa organización operativa da Asemblea, así como a designación dos redactores dos relatorios.

Santiago de Compostela 6 de outubro de 2023

José Manuel Chapela Seijo
Secretario Xeral en funcións

